



REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA DE 14 DE XUÑO DE 2007,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se nomean representantes da Comunidade Autónoma de Galicia na Comisión Mixta de Transferencias da Administración do Estado-Xunta de Galicia
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello de Carnota para a creación dunha escola infantil 0-3 integrada na Rede galega de escolas infantís 0-3 (Galescola)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Asociación de pais, profesionais e amigos das persoas con discapacidade intelectual (Special Olympics Galicia) para a realización de actividades de formación, ocio e deportivo-terapéuticas dirixidas a persoas con discapacidade intelectual de Galicia, e as súas familias
- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gastos de carácter plurianual na orde pola que se aproban as bases que rexerán a convocatoria de bolsas destinadas á realización de prácticas nos centros de menores dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se fixa o módulo para a distribución do crédito que figura nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2007, destinado a subvencionar os gastos de funcionamento dos xulgados de paz
- Acordo polo que a Xunta de Galicia aprecia a necesidade de formular ao Goberno central requirimento de incompetencia, de conformidade co establecido no artigo 63 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, en relación á orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca a concesión de subvencións para a realización de programas de cooperación e voluntariado sociais con cargo á asignación tributaria do imposto sobre a renda das persoas físicas



- Acordo polo que se ratifica o Acordo asinado polo conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e as organizacións sindicais o pasado 11 de xuño de 2007, sobre medidas retributivas dos empregados públicos

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se declara municipio turístico galego o concello de Rianxo

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración coas organizacións profesionais agrarias Xóvenes Agricultores, Unións Agrarias e Sindicato Labrego Galego para a dotación de medios materiais vinculados ao mantemento de actividades de interese agrario

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo polo que se aproba o Plan de lectura de Galicia
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e a Federación Galega de Baloncesto co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a súa fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e a Fundación Monte do Gozo para o desenvolvemento do programa terapéutico-educativo Proxecto Home
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e a Fundación Monte do Gozo para a realización de obras de acondicionamento e mellora das instalacións existentes no pazo de Guizamonde
- Acordo polo que se autoriza a cláusula adicional segunda ao concerto de data 16 de xaneiro de 2006 suscrito entre o Instituto Médico Quirúrgico San Rafael e o Servizo Galego de Saúde pola que se actualizan a carteira de servizos, os conceptos facturables, as tarifas aplicables e o importe estimado para o ano 2007



- Acordo polo que se autoriza a cláusula adicional segunda ao concerto de data 16 de xaneiro de 2006 suscrito entre o Instituto Policlínico La Rosaleda e o Servizo Galego de Saúde pola que se actualizan a carteira de servizos, os conceptos facturables, as tarifas aplicables e o importe estimado para o ano 2007
- Acordo polo que se autoriza a cláusula adicional segunda ao concerto de data 16 de xaneiro de 2006 suscrito entre o Instituto Policlínico Santa Teresa e o Servizo Galego de Saúde pola que se actualizan a carteira de servizos, os conceptos facturables, as tarifas aplicables e o importe estimado para o ano 2007
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e a Universidade de Santiago de Compostela para o apoio tecnolóxico e o desenvolvemento de actividades de formación sobre a análise estatística e tratamento de datos aplicados á epidemioloxía

INFORMES

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: "Reparación do camiño municipal de Paradela-Bemil, no lugar de Paradela, no Concello de Caldas de Reis" por un importe de valor de 20.056,91 euros
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: "Reparación da ponte no río Sanxumil, no Concello de Caldas de Reis", por importe de 28.278,88 euros
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: "Reparación da ponte no río Sanxumil-Casal do Mato, no concello de Caldas de Reis", polo importe de 34.600,09 euros
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: "Reparación da ponte municipal de Currás, no lugar de Caleiro, no Concello de Vilanova de Arousa", por unha contía aproximada de 29.252,57 euros
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: "Reparación do contorno da ponte de Saíde, no camiño de Rial, Concello de Poio", por unha contía aproximada de 181.515,26 euros
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: "Reparación da estrada municipal do muíño da Seca ao centro cultural de Corbillón en Cambados", por unha contía aproximada de 17.716,16 euros



CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o Programa Galego de Actividades Saudables, Exercicio e Alimentación (PASEA)



A VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR CONVOCA 39 PRAZAS DE BOLSEIROS PARA REALIZAR PRÁCTICAS NOS 13 CENTROS DE ATENCIÓN A MENORES DEPENDENTES DESTE DEPARTAMENTO

- O Goberno galego aprobou hoxe as bases que rexerán esta convocatoria de bolsas para o curso escolar 2007-2008

O Consello da Xunta deulle o visto e prace á orde pola que se aproban as bases que rexerán a convocatoria de bolsas para a realización de prácticas nos centros de atención a menores dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Trátase dunha iniciativa que este departamento autonómico financiará con 54.990.000 euros.

En concreto, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar convoca 39 bolsas, -13 na Coruña, 5 en Lugo, 11 en Ourense e 10 en Pontevedra- para a realización de prácticas, en todos os centros de menores dependentes da Vicepresidencia, entre o 1 de outubro de 2007 e o 30 de xuño de 2008. Os bolseiros gozarán de aloxamento e mantenza gratuíta no centro que lles corresponda, durante o vindeiro curso escolar, así como de axudas para sufragar os gastos ocasionados polo pagamento das matrículas académicas e do material escolar. Ao remate das súas prácticas, recibirán un diploma acreditativo e seranlles recoñecidos 2 créditos de libre configuración a aqueles rapaces que cursen estudos nalgunha das tres universidades galegas.

Poderán participar na convocatoria os residentes en Galicia que estean cursando ou teñan rematado estudos universitarios ou de formación profesional de grao superior (FP2), que sexan menores de 25 anos e que non teñan desfrutado con anterioridade a esta convocatoria de axudas ou doutra similar durante máis de un ano. Outro requisito para os solicitantes é non padeceren enfermidade ou limitación física que lles impida o normal desenvolvemento das actividades.

O prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da orde no DOG. As persoas interesadas deberán presentar as solicitudes nos rexistros das delegacións provinciais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Coruña, xunto coa documentación pertinente que se detalla na orde publicada no Diario Oficial de Galicia.



O GOBERNO GALEGO DESTINA 180.000 EUROS AO FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES FORMATIVAS, TERAPÉUTICAS E DE OCIO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración coa asociación de pais, profesionais e amigos das persoas con discapacidade intelectual Special Olympics

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta destinará 180.000 euros ao financiamento de actividades de formación, ocio e deportivo-terapéuticas dirixidas a persoas con discapacidade intelectual de Galicia, e ás súas familias. Este orzamento investirase a través da sinatura dun convenio de colaboración entre este departamento autonómico e a asociación de pais, profesionais e amigos das persoas con discapacidade intelectual, Special Olympics, que hoxe foi autorizado na reunión do Consello da Xunta.

Mediante a sinatura deste convenio, levaranse a cabo actividades que contribúan a favorecer a integración e fomentar a convivencia entre usuarios de asociacións e centros de discapacitados con atraso intelectual da Comunidade, prestando tamén un servizo de apoio, alivio e descanso temporal aos cuidadores. Con este fin, organizaranse actividades de formación, de ocio, deportivas e deportivo-terapéuticas, e varias actividades dirixidas especificamente ás familias.

As actividades formativas inclúen xornadas de xogos deportivos, a realización da xornada de voluntariado Special Olympics Galicia, así como a celebración do curso de formación Special Olympics.

As actividades de ocio inclúen a realización de campamentos de verán nos meses de xullo e agosto, concursos e programas de vacacións, coas cales se pretende favorecer as relacións interpersoais entre os asistentes, ao tempo que se fomenta a convivencia entre as asociacións e centros de toda a comunidade.

A oferta deportiva abrangue xogos de deportes minoritarios, baloncesto, campo a través, maratón, atletismo, fútbol sala e as ligas provinciais Special Olympics Galicia, así coma campionatos a nivel estatal e mesmo internacional en varias modalidades, e actividades coa Fundación Real Club Celta de Vigo. A programación deportivo-terapéutica céntrase nos campamentos de terapia ecuestre.



O CONSELLO APROBA O NOMEAMENTO DOS REPRESENTANTES DE GALICIA NA COMISIÓN MIXTA DE TRANSFERENCIAS ADMINISTRACIÓN DO ESTADO-XUNTA DE GALICIA

O Consello da Xunta aprobou, na súa reunión desta mañá, o nomeamento dos representantes de Galicia na reunión da Comisión Mixta Administración do Estado-Xunta de Galicia, que, previsiblemente, terá lugar o vindeiro día 19 de xuño.

O nomeamento dos vogais que asisten a esta reunión realízase en función da temática das materias que se van tratar na reunión da Comisión Mixta de Transferencias, da cal é vicepresidente, o vicepresidente da Xunta, Anxo Quintana e secretario, o secretario xeral e de Relacións Institucionais, Antonio Losada.

A relación dos representantes de Galicia nesta Comisión, da cal se dará traslado ao Goberno central, queda como segue:

Vicepresidente:

-Vicepresidente da Xunta, Anxo Quintana González

Vogais:

-Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, José Luís Méndez Romeu.

-Conselleiro de Economía e Facenda, José Ramón Fernández Antonio.

-Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, Laura Sánchez Piñón.

-Conselleira de Sanidade, María José Rubio Vidal.

-Conselleiro de Traballo, Ricardo Varela Sánchez.

-Secretaría xeral de Igualdade, Carme Adán Villamarín.

-Representante do grupo parlamentario do PP, José Antonio Orza Fernández.

-Representante do grupo parlamentario dos socialistas de Galicia, Xaquín María Fernández Leiceaga.

-Representante do grupo parlamentario do BNG, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro.

Secretario:

-Secretario xeral e de Relacións Institucionais, Antonio Losada Trabada.



A XUNTA FORMULARALLE AO GOBERNO UN REQUIRIMENTO DE INCOMPETENCIA PARA QUE GALICIA ASUMA A XESTIÓN DAS SUBVENCÍONS DESTINADAS A FINS SOCIAIS DO IRPF

- O Consello da Xunta acordou impugnar a orde do Estado que regula as subvencións para programas de cooperación e voluntariado social con cargo á asignación orzamentaria do IRPF

O Consello da Xunta acordou na súa reunión de hoxe formularlle ao Goberno central un requirimento de incompetencia da Orde TAS/1051/2007 do 18 de abril por entender que invade as competencias da Administración autónoma galega. Esta orde establece as bases da convocatoria de subvencións para a realización de programas de cooperación e voluntariado sociais con cargo á asignación tributaria do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O Goberno galego considera que o Estado debe retirar esta orde ao entender que non lle corresponde regular as subvencións que se destinan a entidades que desenvolven programas de acción social, dado que as competencias en asuntos sociais son exclusivas da Comunidade Autónoma. Desde o ano 1982 a Xunta de Galicia ten asumidas as competencias en asistencia social, tal e como fixa o Estatuto de autonomía de 1981, motivo polo que entende que lle corresponde á Xunta e non ao Estado a asignación desa porcentaxe do IRPF dentro do territorio galego.

A Xunta de Galicia non comparte que o Goberno central lles atribúa en exclusiva nesta orde ás instancias estatais a regulación de detalle da asignación a fins sociais dunha porcentaxe do IRPF, nin o establecemento dun réxime uniforme na regulación do procedemento para obter as subvencións correspondentes.

A orde aprobada polo Estado o 18 de abril regula non só as condicións e procedemento de concesión das subvencións, senón que tamén lle atribúe ao Ministerio a totalidade das funcións de execución administrativa, como son a xestión, concesión e pagamento das axudas.

O Goberno galego entende que con esta orde o Estado invade competencias da Administración galega, polo que aprecia a necesidade de formularlle ao Goberno central un requirimento de incompetencia, de conformidade co establecido no artigo 63 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, e resérvase o dereito de acudir ao Alto Tribunal no caso de que a resposta non sexa positiva.



A XUNTA ACHEGARÁ 561.000 EUROS AOS CONCELLOS PARA SUBVENCIONAR OS GASTOS DE FUNCIONAMENTO DOS XULGADOS DE PAZ

- O Consello aprobou fixar os módulos para a distribución destas axudas en función da poboación

A Xunta de Galicia achegará un total de 561.026,72 euros aos concellos para subvencionar os gastos de funcionamento dos xulgados de paz. Así o aprobou esta mañá o Consello, que acordou fixar os módulos para a distribución do crédito que figura nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2007.

Neste sentido, as axudas aos municipios para sufragar estes gastos modularanse en función da poboación da seguinte maneira:

| Habitantes | Contía anual |
|--------------------|--------------|
| De 0 a 499 | 444,47€ |
| De 500 a 999 | 800,00€ |
| De 1.000 a 2.999 | 1.500,00€ |
| De 3.000 a 4.999 | 2.180,00€ |
| De 5.000 a 6.999 | 2.650,00€ |
| De 7.000 a 10.999 | 3.100,00€ |
| De 11.000 a 16.000 | 3.179,08€ |
| De máis de 16.000 | 4.215,67€ |

A cantidade destinada para o funcionamento dos xulgados de paz foi aumentada nun 16,71% do orzamento orixinal para establecer unhas contías máis acordes cos gastos reais destes xulgados e cunha distribución económica por concello na liña das subvencións aos xulgados de paz xestionada no eido do Ministerio de Xustiza.

Recibirán estas axudas un total de 270 concellos galegos; 80 deles da provincia da Coruña, 58 de Lugo, 83 da provincia de Ourense e 49 da provincia de Pontevedra.



O PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN GALEGA PODERÁ COBRAR O 100% DO COMPLEMENTO ESPECÍFICO NAS 14 PAGAS ANUAIS

- Así se recolle nun acordo adoptado hoxe polo Consello que ratifica o acordo asinado pola Consellería de Presidencia e organizacións sindicais
- Deste acordo histórico, que terá un custo global de 117 millóns de euros, beneficiaranse unhas 140.000 persoas

O Consello da Xunta ratificou hoxe o contido do acordo que asinou o pasado luns o conselleiro de Presidencia con representantes das organizacións sindicais CIG, CC.OO, UGT e CSI-CSIF, que permitirá que o persoal da Administración pública galega (arredor de 140.000 persoas) igualará o importe das 14 pagas incluíndo de xeito progresivo o importe do complemento específico tamén nas extras, ata chegar ao 100% en 2009. Este acordo histórico, que atende unha antiga reivindicación dos traballadores da función pública, suporá un custo global de 117 millóns de euros.

Beneficiarán deste acordo o persoal funcionario da administración xeral, o persoal funcionario docente non universitario, os profesores de relixión dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, o persoal estatutario e o persoal funcionario do Servizo Galego de Saúde de Galicia, e o persoal laboral ao cal lle é de aplicación o IV Convenio Colectivo Único.

Contido do acordo

Segundo o texto subscrito, o complemento específico anual do persoal incluído no ámbito de aplicación deste acordo experimentará nas mensualidades correspondente a xuño e decembro os seguintes incrementos:

- Xuño de 2007: 23,87% do complemento específico
- Decembro 2007: 23,87% do complemento específico
- Xuño 2008: 33,33% do complemento específico
- Decembro 2008: 66,66% do complemento específico
- Xuño 2009: 66,66% do complemento específico
- Decembro 2009: 100% do complemento específico

O complemento específico do persoal docente non universitario inclúe: a súa parte xeral, polo desempeño de órganos de goberno unipersoais, polo desempeño de postos de traballo docentes singulares, polo desempeño de postos de traballo de función de inspección educativa e o complemento de formación permanente (sexenios). Pola súa banda, as retribucións do persoal laboral incrementaranse nunha contía anual equivalente á que resulte para os funcionarios públicos. Ao persoal estatutario aplicaranselle as mesmas porcentaxes sobre o seu complemento específico. A duración deste acordo estenderase ata o día 31 de decembro de 2009



A XUNTA DE GALICIA DECLARA O CONCELLO DE RIANXO MUNICIPIO TURÍSTICO GALEGO

- A Consellería de Innovación e Industria elevara ao Consello da Xunta a proposta de acordo

O Consello da Xunta autorizou hoxe a declaración de Rianxo como municipio turístico galego, de acordo co establecido no Decreto 39/2001, do 1 de febreiro, polo que se regulan este tipo de declaracións. A proposta, presentada polo propio Concello, foi valorada e aprobada por unha Comisión de Valoración presidida polo director xeral de Turismo e foi elevada esta mañá ao Consello da Xunta pola Consellería de Innovación e Industria.

A Comisión de Valoración constatou o cumprimento por parte de Rianxo dos requisitos establecidos na normativa para ser declarado municipio turístico, que teñen que ver coa afluencia de visitantes, os atractivos turísticos do destino e os servizos públicos dispoñibles, tales como rede de sumidoiros, recollida de lixo, seguridade e protección civil, ordenamento urbanístico, información turística e protección do contorno natural.

Segundo establece a normativa, a declaración de municipio turístico suporá para Rianxo, entre outros beneficios, un criterio específico de prioridade nos beneficios que se poidan derivar dos plans de desenvolvemento e mellora do sector turístico que acometa a Xunta, a súa inclusión, con carácter preferente, nos plans provinciais de cooperación de obras e servizos, e a prioridade na concesión de axudas e subvencións da Administración turística para a potenciación de programas locais de desenvolvemento e de potenciación e promoción dos recursos turísticos.



MEDIO RURAL COLABORA COAS ORGANIZACIÓNS PROFESIONAIS AGRARIAS PARA O MANTEMENTO DE BENS INMOBLES DESTINADOS AO FOMENTO DO TECIDO SINDICAL MEDIANTE UNHA ACHEGA ECONÓMICA DE 6 MILÓNS DE EUROS

- Con este convenio preténdese incentivar a función vertebradora do entramado social do medio rural
- Estas cantidades irán destinadas a financiar a adquisición, construción, rehabilitación ou mellora de bens inmobles por parte das organizacións profesionais agrarias

A Consellería do Medio Rural asinará cos tres sindicatos agrarios con representación un convenio de colaboración para a adquisición, construción, rehabilitación ou mellora de bens inmobles vinculados á realización de actividades de interese en xeral para o sector agrario. En total, destinará 6 millóns de euros, distribuídos en seis anualidades, segundo acordou o Consello da Xunta.

Con este convenio preténdese incentivar a función vertebradora do tecido social do medio rural, como unha medida de apoio institucional artellada co obxectivo de dignificar o papel das organizacións profesionais agrarias. Así, a Consellería do Medio Rural comprométese a achegar a cantidade máxima de dous millóns de euros a cada unha das organizacións profesionais agrarias asinantes deste convenio, distribuídas segundo as anualidades que se indican:

| | ANUALIDADES/IMPORGES | | | | | | |
|---------------|-----------------------------|--------------------|--------------------|--------------------|--------------------|--------------------|--------------------|
| | 2007 | 2008 | 2009 | 2010 | 2011 | 2012 | TOTAL |
| XX.AA. | 109.300 € | 375.000 € | 375.000 € | 375.000 € | 365.700 € | 400.000 € | 2.000.000 € |
| UU.AA. | 109.300 € | 375.000 € | 375.000 € | 375.000 € | 365.700 € | 400.000 € | 2.000.000 € |
| SLG | 109.300 € | 375.000 € | 375.000 € | 375.000 € | 365.700 € | 400.000 € | 2.000.000 € |
| TOTAL | 327.900 € | 1.125.000 € | 1.125.000 € | 1.125.000 € | 1.097.100 € | 1.200.000 € | 6.000.000 € |

Estas cantidades irán destinadas a financiar a adquisición, construción, rehabilitación ou mellora de bens inmobles por parte das ditas organizacións profesionais agrarias, e destinalos de xeito directo e indefinidamente polas mesmas a actividades de representación dos agricultores e agricultoras e de interese en xeral para o sector agrario por un período mínimo de 10 anos. Para estes efectos, nas escrituras deberá figurar esta circunstancia, así como o importe da subvención concedida pola



Consellería do Medio Rural, ademais de facer referencia a este convenio e de ser obxecto de inscrición no rexistro público correspondente.

Antecedentes históricos

Os antecedentes de órganos de participación institucional de representantes do sector agrario remóntanse á creación das cámaras agrarias en todo o territorio do Estado español, a través do Real decreto 1336/1977, do 2 de xuño, que se subrogaron nos dereitos das Irmandades de labradores e gandeiros.

As irmandades de labradores e gandeiros, e posteriormente as Cámaras Agrarias establecían a obrigatoriedade de afiliación de todas as persoas dedicadas profesionalmente á actividade agraria, co que se nutriron de importantes recursos dos/as labregos/as que posteriormente, acordada a súa extinción, pasaron a formar parte de patrimonio público.

Na actualidade, a articulación da interlocución institucional no eido agrario vén avalada pola Lei 1/2006, do 5 de xuño, do Consello Agrario Galego, que supuxo a creación dun novo marco institucional para favorecer a participación e colaboración das organizacións profesionais representativas do sector agrario coas institucións competentes na materia así como, impulsar o diálogo e colaboración entre administracións e axentes do sector para propiciar a busca de acordos nos asuntos de maior relevancia para o sector agrogandeiro de Galicia.

As organizacións profesionais agrarias réxense polo principio de asociación voluntaria, contando tanto con recursos dos seus asociados como das administracións públicas polo importante labor que cumpren de vertebración do sector.

En concordancia con esa función vertebradora do tecido social do medio rural, cómpre adoptar medidas de apoio institucional, co obxectivo de dignificar o papel das organizacións profesionais agrarias.

Este convenio apoia as OPAs con maior nivel de representatividade en Galicia. Ao abeiro da Lei 1/2000, de 10 de xullo, convocáronse eleccións democráticas no agro galego, que determinaron a porcentaxe de representatividade das organizacións profesionais agrarias con implantación en Galicia, resultando como únicas representativas Xóvenes Agricultores (XX.AA.-ASAJA), Unións Agrarias (UUAA-UPA) e Sindicato Labrego Galego (SLG).



O PLAN DE FOMENTO DA LECTURA DE GALICIA BUSCA AUMENTAR O PROTAGONISMO DO LIBRO NA SOCIEDADE DO PAÍS

- Esta iniciativa prevé investir 30 millóns de euros ata 2011 para incrementar o hábito lector entre os cidadáns de Galicia, especialmente en lingua galega
- O Plan, froito do consenso entre os diversos culturais e sociais do país será debatido na cámara autonómica tras ser aprobado polo Consello da Xunta
- Promoverase a creación dunha Oficina da Lectura como unidade permanente de coordinación, control e apoio do Plan de lectura

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o Plan de fomento da lectura de Galicia, unha iniciativa que nace co obxectivo de incrementar o protagonismo do libro na sociedade do país. Este proxecto, que proximamente será debatido no Parlamento galego, contará cun investimento de 30 millóns de euros ata 2011.

O Plan de fomento da lectura de Galicia parte do principio de que a lectura constitúe un dos bens estruturadores dunha sociedade e que contribúe ao seu desenvolvemento e progreso. Desde esa perspectiva, a iniciativa ten como principal obxectivo aumentar o hábito lector da poboación de Galicia e, tendo en conta a realidade lingüística e cultural do país, poñerese especial énfase na lectura en galego.

Do consenso xurdido entre os diversos axentes sociais e culturais de Galicia e a propia Administración nace o Plan da lectura que busca crear un hábito lector na poboación e facer medrar os índices de lectura, en especial en lingua galega. Así, o plan contempla un paquete de medidas que procurarán elevar o índice de lectura do país, é dicir, a democratización dos hábitos lectores da sociedade.

Os políticas concretas recollidas no Plan de Fomento da Lectura agrúpanse en torno a catro eixes de actuación. O primeiro deles, que busca mellorar a imaxe social do libro e da lectura, desenvolverase a través de medidas que buscan achegar a lectura aos cidadáns, a través de campañas de publicidade, celebración de eventos significativos centrados na palabra escrita a partir de datas consolidadas no calendario, como o Día das Letras, o Día de Rosalía ou o Día da Poesía, ademais da cooperación con bibliotecas, librerías, editoriais e autores.

Así mesmo, prevese promocionar o libro como vehículo de enriquecemento persoal para a cidadanía e o fortalecemento dunha sociedade libre e con pleno exercicio dos seus dereitos e posibilidades civís e democráticas. Neste marco, impulsarase a creación de clubs de lectura e obradoiros de creación literaria, mesmo virtuais, e se incentivará a creación de bibliotecas persoais e familiares, con medidas que faciliten a adquisición de libros.



Fortalecemento do sistema de bibliotecas

A segunda das liñas de traballo procurará desenvolver e fortalecer o sistema bibliotecario público de Galicia cun programa que prevé mellorar a calidade dos centros públicos e escolares existentes na comunidade, así como a creación doutros novos. Elaborarase un programa de dotación de fondos bibliotecarios consonte ás necesidades detectadas polos profesionais das bibliotecas, coa fin de adecuar os fondos ás necesidades de cada territorio, establecendo fórmulas áxiles de actualización e incremento da biblioteca virtual en lingua galega.

O terceiro pilar deste Plan subliña a importancia de darlle un pulo á lectura no ensino, apostando, entre outras medidas, polo incremento dos fondos bibliográficos dos centros educativos. Actuarase aquí tamén cara á motivación, implicación, formación e dotación de medios axeitados para o profesorado, como artífice fundamental da aprendizaxe e promoción da lectura.

Contémplase ademais a necesidade de apoiar a incorporación á alfabetización informacional, entendida como desenvolvemento das necesidades de uso e tratamento crítico da información, é dicir, no desenvolvemento das habilidades de uso e do tratamento crítico da información, desde os primeiros anos da escolaridade.

Finalmente, desde o obxectivo xeral de formación de promotores e medidores da lectura, a Consellería de Cultura e Deporte creará programas de formación específicos para todas as persoas que poidan ter un labor sistemático de animación á lectura. Elaborarase unha guía de recursos de promoción da lectura en galego, promoveranse certames e outras medidas para a divulgación das medidas de fomento da lectura. Ademais promoverase a creación dunha Oficina da Lectura como unidade permanente de coordinación, control e apoio do Plan de lectura. Ademais desde a Administración apoiarase un programa de traducións do corpus universal e científico e crearase un portal de lectura que recolla textos dixitalizados.

O Plan de fomento da lectura buscará tamén a implicación de todas as institucións, empresas e medios de comunicación na promoción do libro e dos hábitos lectores. Está previsto que se elabore unha periodización das accións que desenvolver durante o período 2007-2011 para conseguir os obxectivos desta iniciativa. Malia que a dotación económica inicial é de 30 millóns de euros, esta cantidade podería ampliarse coas achegas doutros organismos e institucións que desexaren promocionar o libro e a lectura.



A XUNTA ACHEGARÁ 304.000 EUROS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES PROMOVIDAS POLA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO

- O obxecto é financiar os gastos ordinarios da federación e promover actividades de difusión do baloncesto en Galicia

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e a Federación Galega de Baloncesto, a través do cal se establecen as bases para a colaboración no fomento do baloncesto galego. O importe do convenio é de 304.000 euros, que se achegarán en dúas mensualidades, unha en 2007 e outra en 2008.

Este convenio enmárcase dentro das colaboracións que se están a asinar 58 federacións deportivas galegas co obxecto de colaborar nos gastos ordinarios dos entes federativos así como desenvolver programas de promoción e fomento de actividades de cada modalidade.

Este sistema de axudas ás federacións galegas, a través de convenios individuais con cada federación, púxose en funcionamento no ano 2006, e con el preténdese atender particularmente as necesidades de cada modalidade deportiva recoñecida en Galicia.



SANIDADE INVISTE CASE 18 MILLÓNS DE EUROS EN CONCERTOS CON TRES CENTROS DA PROVINCIA DA CORUÑA

O Consello da Xunta de Galicia reunido no día de hoxe aprobou tres acordos polos que se autoriza a cláusula adicional segunda ao concerto suscrito entre o Servizo Galego de Saúde e os Policlínicos Santa Teresa, o Instituto Médico Cirúrxico San Rafael (ambos os dous na Coruña), e a Policlínica A Rosaleda (en Santiago de Compostela).

Mediante esta cláusula actualízase tanto a carteira de servizos como os conceptos facturables, as tarifas aplicables e o importe estimado para este ano no marco destes tres concertos establecidos pola administración sanitaria galega cos anteditos centros.

Así, o importe total estimado para este ano para o concerto do Servizo Galego de Saúde co Policlínico Santa Teresa é de 7.300.000 euros; co Policlínico A Rosaleda é de 3.750.000 euros; e co Instituto Médico Cirúrxico San Rafael é de 6.900.000 euros.



O GOBERNO GALEGO E A FUNDACIÓN MONTE DO GOZO COLABORARÁN NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA TERAPÉUTICO EDUCATIVO PROXECTO HOME

- No marco desta colaboración, a Consellería de Sanidade aboará, no presente ano, a cantidade de 835.361 euros
- Ademais, a Xunta achegará máis de 200.000 euros para a realización das obras de acondicionamento e mellora das instalacións que a antedita Fundación ten no Pazo de Guizamonde, en Ourense

A Consellería de Sanidade e a Fundación Monte do Gozo subscribirán dous convenios de colaboración para, por unha banda, desenvolver o programa terapéutico educativo Proxecto Home e, pola outra, co fin de proceder a realizar obras de acondicionamento e mellora das instalacións que a antedita Fundación ten no Pazo de Guizamonde (Ourense). Así o aprobou hoxe o Consello da Xunta de Galicia.

O primeiro dos convenios suporá o desenvolvemento do programa Proxecto Home, de atención e rehabilitación de persoas con problemas derivados do consumo de drogas, atendendo á planificación e criterios do Plan de Galicia sobre Drogas, especialmente aos principios de anonimato, voluntariedade e gratuidade da asistencia.

O programa Proxecto Home comprende tres fases: a de acollida, de carácter ambulatorio e dunha duración que oscila entre 4 e 6 meses; e as de comunidade terapéutica e reinserción (ambas as dúas de duración variable). A prestación dos mencionados servizos levarase a cabo nos dispositivos que a Fundación ten na nosa Comunidade Autónoma (Vigo, Ourense, Lugo, Santiago, Vigo, entre outros).

No marco deste convenio, a Consellería de Sanidade abonará para o seu desenvolvemento, no presente ano, a cantidade de 835.361 euros.

O segundo dos convenios, o referido á realización de obras de acondicionamento e mellora das instalacións existentes no pazo de Guizamonde (Ourense), suporá unha mellora substancial en aspectos referidos á apertura de novos servizos terapéuticos. Para tal fin, a Consellería de Sanidade aboalle á Fundación Monte do Gozo a cantidade de 207.785 euros.



SANIDADE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO COLABORARÁN NO DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN SOBRE ANÁLISE ESTATÍSTICA DE DATOS EPIDEMIOLÓXICOS

- Sanidade contempla, dentro do Plan de mellora dos servizos de saúde pública, o impulso da educación para a saúde e o fomento de estilos de vida saudables
- Permitirá, tamén, desenvolver os programas de educación sobre a prevalencia de condutas de risco na poboación
- Pola súa banda, a Universidade de Santiago de Compostela, ten coma un dos seus fins a formación de profesionais e especialistas en materias que afecten ao desenvolvemento sanitario de Galicia

O Goberno galego autorizou hoxe un convenio de cooperación entre a Consellería de Sanidade e a Universidade de Santiago, para o apoio tecnolóxico e o desenvolvemento de actividades de formación sobre análise estatística e tratamento de datos aplicados á epidemioloxía.

Sanidade contempla, dentro do Plan de mellora dos servizos de saúde pública, o impulso da educación para a saúde e o fomento de estilos de vida saudables, e para desenvolver os programas de educación son precisos datos sobre a prevalencia de condutas de risco na poboación.

Pola súa banda, e tal e como queda recollido no convenio, a Universidade de Santiago ten como un dos seus fins a formación de profesionais e especialistas en materias que afecten o desenvolvemento sanitario de Galicia.

En concreto, ao abeiro deste convenio, desenvolverase, entre outros temas, unha estratexia de análise (temporal, espacial e espazo-temporal) de diversos problemas epidemiolóxicos. Así mesmo, deseñase un sistema estable de información sobre condutas de risco para a saúde.

O financiamento dos traballos realizarase con cargo á Consellería de Sanidade, que achegará un total de 198.000 euros en dous anos (96.000 no 2007 e 102.000 no 2008).



POLÍTICA TERRITORIAL ACHEGA 313.000 EUROS PARA OBRAS DE EMERXENCIA EN ESTRADAS DO NORTE DE PONTEVEDRA AFECTADAS POLAS CHOIVAS DO OUTONO

- Política Territorial cumpre así co preceptivo trámite administrativo ante o Consello da Xunta

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes deu LLE hoxe conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia de diversas obras acometidas en estradas do norte da provincia de Pontevedra, que se viron afectadas polas choivas de outubro e novembro. A estas actuacións destináronse 313.419,87 euros, que se engaden ás obras e proxectos tamén de emerxencia dos que xa se deu conta en anteriores reunións do Consello da Xunta.

As obras declaradas de emerxencia pola CPTOPT, das que hoxe se deu conta, inclúen actuacións diversas en varios concellos: Caldas de Reis (reparación de dúas pontes no río Sanxumil e reparación do camiño municipal de Paradela-Bemil), Vilanova de Arousa (reparación da ponte municipal de Currás no lugar de Caleiro), Poio (reparación do contorno da ponte de Saíde no camiño de Rial) e Cambados (reparación da estrada municipal do muíño da Seca ao Centro Cultural de Corbillón).

Esta é a sétima reunión do Consello da Xunta na que a CPTOPT da conta de obras de emerxencia. Ata o de agora estas actuacións suman un investimento total de máis de 11,7 millóns de euros, destinados a reparacións tanto de estradas de titularidade autonómica como municipais.



O GOBERNO GALEGO REFORMULA O SEU PROGRAMA DE FOMENTO DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLES PARA FAVORECER A PARTICIPACIÓN E A ABORDAXE INTEGRAL DA PREVENCIÓN DE RISCOS

- A Consellería de Sanidade presentoulle un informe ao Consello da Xunta sobre o Programa galego de actividades saudables, exercicio e alimentación (PASEA)
- No horizonte de 2009, ao abeiro deste plan, investiranse un total de 5 millóns de euros

A conselleira de Sanidade, María José Rubio Vidal, presentoulle hoxe ao Consello da Xunta de Galicia un informe sobre o novo deseño do Programa galego de actividades saudables, exercicio e alimentación (PASEA), que está a desenvolver a Dirección Xeral de Saúde Pública. Este novo deseño céntrase no fomento dos estilos de vida saudables e favorece a participación e a abordaxe integral da prevención de riscos.

Este programa, que exemplifica a inequívoca aposta do Goberno galego polo fomento dos estilos de vida saudables como soporte efectivo e sustentable dun alto nivel de saúde e de benestar, conta este ano cun orzamento de 1.350.000 euros, fronte aos 520.000 euros do exercicio anterior. Ata 2009, a Consellería de Sanidade investirá neste plan un total de 5 millóns de euros.

A obesidade, a hipertensión arterial, a diabetes mellitus, as enfermidades cardiovasculares e varios tipos de cancro son as enfermidades crónicas non transmisibles que se queren previr con esta iniciativa. Estas enfermidades son cada vez máis importantes na discapacidade e morte prematura da poboación. Os últimos estudos clarifican que as verdadeiras causas de enfermidade e morte máis frecuentes, teñen que ver con factores de comportamento das persoas, integrados nos seus estilos de vida, hábitos de alimentación, actividade física, consumo de tabaco ou exposición ao seu fume, as relacións afectivo-sexuais, as actitudes e comportamentos de prevención de accidentes e lesións...

O novo programa galego de actividades saudables incrementa as vías e redes de comunicación, adecua o seu financiamento para unha mellor xestión e fomenta a interacción de diversas estratexias de aplicación simultáneas, que pretenden unha toma de conciencia significativa e a mobilización comunitaria fronte ao importante e complexo problema de saúde colectivo a que nos referimos: a obesidade da poboación.

Este programa desenvolve diversas estratexias que implican a participación activa de axentes de saúde do sistema sanitario galego, con capacitación necesaria para detectar e comprender o problema e como única garantía de impacto real nas poboacións ou grupos diana. Promove, tamén, un modelo de acción multisectorial con actividades de difusión da información e uso da comunicación e da educación, e a



mobilización de recursos para fomentar a toma de conciencia e a participación doutros axentes da saúde comunitarios, organizacións e sectores sociais na promoción da saúde.

O Programa galego de actividades saudables, exercicio e alimentación establece diversos ámbitos de desenvolvemento das súas estratexias e iniciativas, e priorízaas para facilitar a participación activa dos diversos axentes de saúde que interactúan coa poboación en todos aqueles espazos sociais propicios para unha intervención colectiva e participativa en saúde pública.

As iniciativas e actividades recollidas neste programa terán ben un carácter de acordos ou convenios con diversas administracións ou entidades promotoras dos obxectivos deste, ou ben de proxectos deseñados e planificados para os diversos ámbitos de desenvolvemento específico da súas estratexias e das diversas poboacións diana que lles corresponden.

O Programa galego de actividades saudables, exercicio e alimentación (PASEA) é o desenvolvemento galego da Estratexia para a nutrición, actividade física e prevención da obesidade (NAOS) impulsada polo Ministerio de Sanidade e coordinada pola Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición, para servir de plataforma desde a cal se coordinen as iniciativas que contribúan a lograr os cambios necesarios que permitan previr a obesidade, reducindo o sedentarismo e cambiando os hábitos dietéticos das poboacións.